



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2015

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia María Jesús Lorenzo Modia, Manuel-Reyes García Hurtado, Manuel Casteleiro Maldonado e Susana Ladra González.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa, en primeiro lugar, da realización o pasado 3 de xuño do Consello Galego de Universidades, en que se informou favorablemente a conxelación dos prezos públicos de matrícula do SUG prevista no Decreto regulador para o curso 2015-2016, así como a oferta de graos e mestrados para o vindeiro curso.

O 9 de xuño tivo lugar en Badajoz unha reunión de *Universia*, en que se incorporou Patricia Botín como presidenta. A nova presidencia destacou a importancia da sustentabilidade do sistema universitario español para avanzar na economía do coñecemento e no mantemento da igualdade de oportunidades.

O propio día 9 e o 10 tivo lugar tamén reunión da CRUE. Nela analizouse a situación das reclamacións de pagamento polos dereitos de propiedade intelectual reclamado por CEDRO e acordouse a constitución dunha entidade propia de xestión dos dereitos de propiedade intelectual das universidades españolas.

Por último, o día 16 de xuño produciuse o cambio na presidencia da CRUSOE (asume a presidencia Salustiano Mato). Incorporouse tamén o Principado de Asturias e a rexión do centro de Portugal, que incorpora un bo número de universidades e centros politécnicos.



En segundo lugar, o Reitor informa de que o 24 de xuño cesou por pedimento propio Óscar García Cabezas como director dos SAI e asumiu interinamente a dirección o profesor Jaime Rodríguez González.

Tamén informa dos seguintes cambios na composición do Consello de Goberno:

- Manuela Pinazas Rego substitúe a Nuria Vieira Sousa como representante da Xunta de Persoal de PAS por designación do reitor e por proposta da Xunta de Persoal.
- Nuria Vieira Sousa substitúe a M.^a Eugenia Vieito Blanco (por renuncia expresa) como representante do PAS no Claustro universitario por ser a primeira suplente logo da votación realizada na sesión do Claustro de 25 de marzo de 2015.

Logo destes cambios, os representantes do PAS no Consello de Goberno propoñen o seguinte, no que atinxe á súa representación nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Asuntos Económicos: Nuria Vieira Sousa continúa
- Comisión de Plans de Estudo: Nuria Vieira Sousa substitúe a M.^a Eugenia Vieito Blanco
- Comisión de Extensión Universitaria: Manuela Pinazas Rego substitúe a M.^a Eugenia Vieito Blanco

Así mesmo, propoñen a Xosé Manuel Portela Fernández como representante do PAS no Consello Social. O Consello de Goberno mostra a súa conformidade con estas propostas dos representantes do PAS.

En terceiro lugar, o reitor trata no seu informe a situación económica que atravesará a institución.

Todos coñecen xa a Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas do 17 de xuño, sobre suspensión temporal de novos compromisos de gasto sobre fondos propios con cargo ao orzamento de 2015. O propio día 17, a vicerreitora de Planificación, xunto co xerente e o secretario xeral, informaron directamente os decanos e directores dos centros sobre a situación. Dous días despois, enviouse a Resolución ás listas institucionais da Universidade, para información xeral.



Para avaliar correctamente os motivos que nos levaron a adoptar esta Resolución, cómpre contextualizar o ano 2015 como o último de aplicación do PFSUG, o correspondente ao período 2011-2015.

Desde o comezo consideramos malo para a institución este plan, mostrando o noso rexeitamento mediante a abstención da UDC á súa aprobación. O tempo veu darnos a razón sobre a insuficiencia do Plan aprobado pola Xunta.

Unha insuficiencia, ademais, agravada pola propia Xunta de xeito unilateral. A partir do exercicio 2013, a Secretaría Xeral de Universidades comezou a retirar unilateralmente financiamento correspondente ao fondo de repartición por criterios históricos, incumprindo os propios criterios de repartición previstos no Plan.

Esta situación foi detectada en xullo de 2014 e, como consecuencia da falta de explicacións da Xunta, e tal e como foi informado este Consello de Goberno na sesión do 30 de outubro de 2014, e o Claustro con data 4 de decembro, o 3 de outubro de 2014 o reitor remitiu formalmente un requirimento á Xunta de Galicia polo que se reclama o reintegro de 2 829 620,21 € correspondentes ao fondo de financiamento fixo que determina o PFSUG 2011-2015. O prazo deste requirimento rematou o vindeiro 4 de novembro sen contestación, polo que a comezos de xaneiro se interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra a Xunta reclamando as cantidades adebedadas a esta Universidade.

Este luns, tras nos remitir a Xunta de Galicia o expediente completo do PFSUG e tras ser estudado polos nosos servizos de asesoramento xurídico, formulouse xa unha demanda, cunha cantidade reclamada que ascende a **8 789 679,5 €** (7 330 303 € de principal, 216 643,23 € por xuros e mais 1 250 000 euros en concepto de danos e prexuízos causados polo infrafinanciamento inducido pola Xunta).

O atraso considerable nas transferencias de fondos externos provocou unha importante débeda comercial cos provedores da Universidade, de modo que para evitar agravar as tensións de tesouraría, xulgouse prudente paralizar a adquisición de novos compromisos de gasto, de maneira que se poida atender prioritariamente a débeda comercial xa existente. Velaí a razón da Resolución do 17 de xuño.



Mais, con independencia do problema de liquidez ou tesouraría, a situación descrita obrigou tamén a adoptar dous tipos de medidas, destinadas a restaurar o equilibrio de ingresos e gastos para o exercicio 2015:

- a) A solicitude dunha reunión inmediata coa Xunta de Galicia, para procurar unha solución conxunta á situación.
- b) A necesidade de avaliar novas medidas de recorte do gasto.

O pasado luns, día 22, tivo lugar esa reunión cos responsables das consellarías de Educación e Facenda. Nela, a Xunta comprometeuse a ordenar transferencias de fondos inmediatas, para resolver o problema de liquidez, e a buscar solucións orzamentarias de ingreso de fondos complementarios que equilibren o exercicio 2015. Pola nosa parte, comprometémonos a realizar todos os axustes posibles no gasto para contribuír ao devandito reequilibrio.

Durante este mes de xullo, a Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas, en coordinación coa Xerencia e as restantes vicerreitorías, traballará nunha proposta de minoración de créditos coa Xunta de Galicia, que será sometida á consideración da Comisión de Asuntos Económicos para a súa autorización posterior polo Consello Social.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vicerreitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da publicación das convocatorias de proxectos do MINECO dos Programas Estatais de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia (<http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/>) e da publicación das propostas de resolución provisional de candidatos seleccionados e de reserva das convocatorias 2014 das axudas de Persoal Técnico de Apoio, das axudas Ramón y Cajal e das axudas Juan de la Cierva-incorporación, todas elas do MINECO. Tamén dá conta do informe que vén de facer público o MINECO sobre os primeiros resultados das convocatorias de investigación europeas do programa H2020 e o retorno do Estado español, en que aparece destacada a Universidade da Coruña no piar de Ciencia Excelente, dentro da sección de Tecnoloxías Futuras e Emerxentes, sendo unha das poucas universidades españolas citadas no informe. O vicerreitor informa da publicación de propostas de resolución relacionadas coas convocatorias de axudas á investigación da UDC 2015 e da previsión de publicación, ao longo do mes de xullo, da convocatoria de Agrupacións Estratéxicas de Investigación da Consellería de Cultura, Educación e



Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Por último, dá conta da realización do Seminario de Xestión de Proxectos no H2020 que se está a realizar os días 29 e 30 de xuño na UDC.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa en primeiro lugar, como é preceptivo, que o pasado 8 de xuño tivo lugar unha Comisión de Asuntos Económicos deste Consello de Goberno que aprobou validacións de expedientes de gasto por valor de 340 972,66 € correspondentes cos informe de intervención C-0008-15 e C-0009-15 do 04.06.2015 e do 08.06.2015.

A Comisión foi informada tamén nesta sesión da aprobación pola Vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas de imputacións ao exercicio de expedientes por unha contía total de 638 516,08 € correspondentes cos informes V-0012-15, do 17.04.2015 e V-0013-15 do 20.05.15.

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura informa de que, consonte ao requirimento do Ministerio de Educación, Deporte e Cultura ao Consello Social, se publicou a distribución de bolsas por departamento de cara á convocatoria das bolsas de colaboración en departamentos do ministerio. Os criterios aplicados para facer a prelación non mudaron respecto do ano pasado (50% por sexenios vivos; e 50% por número de estudantes matriculados en 4.º curso e mestrado por departamento). Para este curso, o ministerio adxudicou 30 bolsas.

Como consecuencia da rescisión do convenio da UDC coa Fundación María José Jove, publicouse xa a nova convocatoria de axudas ao aloxamento para o curso 2015/2016. Un total de 240 axudas de 540 € cada unha. As persoas beneficiarias poderán aplicar esta axuda a calquera tipo de aloxamento, sempre que estea xustificado.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación dá conta dos resultados para a UDC das convocatorias resoltas este mes de xuño no ámbito de internacionalización.

En primeiro lugar, da convocatoria Erasmus + para o curso 2015/2016 (<http://www.oapee.es/oapee/inicio/ErasmusPlus/con-2015-gestion/resoluciones2015.html>), en que os datos para a UDC son os seguintes: a) mobilidade estudantes (SMS): académica: 500 prazas; 525 000 € prácticas (SMP): 75 prazas; 39 900 € b) mobilidades do persoal



(STA+STT): 70 prazas: 26 660 € c) Organización da mobilidade (OM): 114 000 € d) accións específicas con países determinados: 135 440 €

Por outra banda, a resolución do 23 de xuño do SEPIE acordou conceder á UDC 280 prazas (o solicitado na proposta) na I Convocatoria da Fundación para Proyección Internacional de las Universidades Españolas para participar en el Programa de Maestrías en Formación del Profesorado, destinado a docentes ecuatorianos.

Tamén dá conta a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación que a UDC subscribiu un novo acordo de dobre titulación coa *Delaware Law School* da Widener University (USA), do que se poderá beneficiar a partir do curso que vén todo o estudiantado que se matricule no mestrado en Asesoramento Xurídico Empresarial (MAXE), da Facultade de Dereito. A través dun sistema de recoñecemento mutuo, este programa internacional posibilita que os estudantes matriculados no MAXE sexan ao mesmo tempo alumnos do *LLM in Corporate Law* (Dereito Societario) da *Delaware Law School*, que obterán, tras estudar na Coruña e en Wilmington (Delaware), dous títulos: o mestrado oficial da UDC e o mestrado oficial da universidade norteamericana. A dobre condición de estudantes da Facultade de Dereito UDC e da *Delaware Law School* determinará, ademais, para aqueles alumnos que desexen acollerse a este programa, a posibilidade de realizar as prácticas profesionais do mestrado no propio estado de Delaware, no que teñen a seu domicilio social máis do 90% das empresas estadounidenses.

Finalmente, o día 6 comeza a edición de xullo da International Summer School, cos primeiros cursos de tres semanas de duración.

O **xerente** informa de que na reunión da Mesa de Xerencia da CRUE que tivo lugar o pasado 12 de xuño se aprobou o programa das 33 Xornadas de Xerencia Universitaria, que se desenvolverán na nosa universidade durante os días 30 de setembro, 1 e 2 de outubro deste ano e que serán convocadas nos próximos días.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de maio de 2015

O secretario xeral somete á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de maio, tras indicar que o señor Xosé Portela achegou onte unha solicitude de transcripción literal da súa intervención na



quenda aberta do Consello de Goberno do pasado día 28 de maio, que se incorpora como anexo a esa acta, ao abeiro do artigo 27 da LPAC.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en vinte e un convenios específicos (21), e cento vinte e dous convenios para prácticas (122) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Autorización da creación do *Centro de Estimulación Cerebral de Galicia*, empresa participada pola UDC (*Spin-off*)

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, para explicar o proxecto de creación da *spin off* Centro de Estimulación Cerebral de Galicia, impulsado polo profesor doutor Javier Cudeiro.

O vicerreitor explica que, neste caso, por mor da previsión de data de realización do Pleno do Consello Social, a Comisión Executiva do Consello Social, na súa sesión do 27 de maio de 2015, aprobou a creación da empresa, condicionada á súa autorización por parte deste Consello de Goberno.

A profesora Fernanda Miguélez intervéñ para solicitar información sobre o xeito de cuantificar a participación da UDC no capital social e se esta participación é monetaria ou non. Tamén pregunta polas condicións en que pode participar o PDI da UDC nas empresas participadas pola UDC. O vicerreitor aclara que o 5% de participación da UDC no capital social determínase a partir do coñecemento previo necesario para poñer en marcha a empresa, por tanto, non hai contribución económica para crear a empresa. O vicerreitor explica tamén as condicións de participación do persoal da UDC neste tipo de empresas, a partir da Lei da ciencia e da economía sostible do ano 2011 e do propio Regulamento da UDC aprobado polo Consello de Goberno no ano 2012.



Tras as anteriores intervencións, autorízase a creación por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

5. Regulamento de organización e funcionamento do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)

Continúa coa palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia, que solicita a aprobación deste regulamento interno, para dotar o CICA dunha regulación similar á que se estableceu para o CITEEC e o CITIC nos meses pasados. Neste caso, créase unha comisión interna con características semellantes, e como diferenza sinala a creación dunha comisión externa de avaliación do centro. O regulamento foi traballado co centro.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo V** á acta.

6. Títulos propios de posgrao

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expor os títulos propios de posgrao que se integran na documentación adxunta.

Sinala que só hai un título propio novo, o de estudos avanzados en arquitectura popular (en colaboración coa Universidade de Lisboa), e o resto son renovacións da oferta xa existente de títulos propios. Sinala tamén o novo Mestrado en Formación do Profesorado dirixido a docentes ecuatorianos, negociado pola Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación co Goberno ecuatoriano.

Luis Hervella pregunta sobre o Curso de Posgrao Xestión Empresarial e Tecnoloxía, así como sobre os criterios de admisión. A docencia está pechada a dous centros, polo que considera que debería haber unha participación das xuntas de centros na aprobación desta docencia non regrada.

Moisés Canle pregunta sobre o programa de formación ao profesorado de Ecuador. Trátase dun programa de 280 mobilidades, mais hai previsión de como se vai facer a selección de profesorado?

Anxo Calvo pregunta tamén sobre o Curso de Posgrao en Xestión Empresarial e Tecnoloxía. Suxire unha posible converxencia con cursos



similares, á vista do programa da ficha, que xira arredor da economía de empresa.

Carmen Ramírez dálle os parabéns á vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación polo mestrado de Ecuador, mais bota en falta a presenza da especialidade científica de física.

O vicerreitor replica conxuntamente as cuestións sobre a renovación do Curso de Posgrao en Xestión Empresarial. Considera que se centra no ámbito das TIC aplicadas á xestión empresarial, polo que o seu contido está suficientemente singularizado. Sobre a participación dos centros, considera que é unha cuestión para reflexionar, pero, polo momento, a Comisión de Estudos de Posgrao é a que se encarga de evitar duplicidades ou problemas coa oferta de títulos oficiais.

Sobre os cambios no acceso, considera que están suficientemente xustificadas no expediente de renovación.

Sobre o procedemento de selección do profesorado e das áreas temáticas do programa de Ecuador, sinala que foi o Goberno ecuatoriano o que sinalou as áreas temáticas. Canto aos/as profesores/as, trátase dun mestrado destinado a formar profesorado ecuatoriano, polo que en todas as universidades españolas son as facultades de Ciencias da Educación as que se encargan da proposición de profesores que impartan esta docencia.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VI**

7. Elección do representante do alumnado na Comisión de Reclamacións de Prazas de PDI Interino e Laboral Contratado

O secretario xeral informa de que, para ocupar este posto, os representantes de estudantes no Consello de Goberno propuxeron a Miguel Costas Piñó, estudante da Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos, que formalizou a súa candidatura en tempo e forma, polo que por ser candidato único pasa a ter a condición de electo.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VII**

8. Autorización da convocatoria de prazas de PDI funcionario correspondentes á OPE 2013 e 2015



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a autorización para convocar unha praza de catedrático de universidade, correspondente á oferta pública de emprego 2015 (OPE), aprobada por este Consello de Goberno e autorizada tanto pola Xunta como polo Ministerio de Facenda, para a Área de Filoloxía Latina, e dúas prazas de titular de universidade correspondente á OPE 2013, aprobadas polo Consello de Goberno e tamén autorizadas pola Xunta e o Ministerio de Facenda, para as áreas de Enxeñaría Química e Bioloxía Celular (son as convocatorias das dúas prazas do ano 2012 que foron anuladas por sentenza do TSXG do ano 2013, confirmada polo Tribunal Supremo en 2014, por incumprir a taxa de reposición para o exercicio 2012).

Apróbanse tamén os tribunais xulgadores dos concursos das prazas convocadas, cunha corrección de erros achegada onte mesmo á praza de catedrático de universidade.

Laura Castro Souto vota en contra por solidariedade cos seus compañeiros acreditados que non poden estabilizarse, é dicir, os profesores axudantes doutores.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo VIII**.

9. Autorización da convocatoria de prazas de PDI contratado curso académico 2015/2016

Continúa coa palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita autorización para as prazas de PDI contratado que figuran no anexo documental. Todas teñen o informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Distingue o vicerreitor entre:

- As prazas temporais para cubrir as necesidades docentes do curso 2015/2016, un total de 27 prazas de CIS e asociado.
- Cinco prazas de contratado doutor correspondentes á OPE 2015 autorizadas pola Xunta e o Ministerio de Facenda.
- 29 prazas de transformación de CIS a axudante doutor acreditados.



As prazas do primeiro e do terceiro bloque están pendentes de autorización pola Xunta de Galicia, polo que se aproban condicionadas a esta autorización da Xunta, para que se poidan convocar en canto chegue a devandita autorización.

Laura Castro solicita unha aclaración sobre a descomposición por categorías das prazas temporais e sobre as horas que van impartir. Contesta o vicerreitor que teñen acreditación a CD 28 das 29 de prazas. Só hai unha persoa con acreditación a AD. Sobre a dedicación, teñen todas o compromiso de cubrir 300 horas en todas as áreas.

Ignasi Colominas solicita aclaración sobre a dedicación de varias prazas do Departamento de Métodos Matemáticos e Representación. Replica o vicerreitor explicando os criterios para determinar a aplicación das dedicacións de P04 ou P06.

Tras as aclaracións anteriores, apróbbase por asentimento e incorpórase o acordo de autorización como **anexo IX** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de profesores honorarios

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a renovación (1.^a prórroga) de Xoán Carlos Verdini Deus como profesor honorario da área de Didáctica da Lingua e a Literatura, do 1 de setembro de 2015 ao 31 de agosto de 2016.

Tamén solicita o nomeamento de novos profesores honorarios a favor de Celestino García Graña (Área de Composición Arquitectónica), Felipe Peña Pereda (Área de Proxectos Arquitectónicos) e Adolfo Sarandeses García (Área de Otorrinolaringoloxía), do 1 de setembro de 2015 ao 31 de agosto de 2017.

Todas as solicitudes cumpren os requisitos establecidos na normativa.

Apróbbase por asentimento e incorpórase como **anexo X**

11. Proposta de modificacións de dedicación de PDI curso académico 2015/2016



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita modificar a dedicación das prazas de contratado temporal que figuran no anexo, para cubrir axeitadamente as necesidades docentes do curso 2015/2016.

Teresa López intervén para sinalar o problema que supoñen os cambios de dedicación de tempo parcial a tempo completo. É consciente dos problemas de xestión que atravesada a institución, mais sinala que non é o mesmo convocar (e presentarse) a unha praza a tempo parcial que a unha praza a tempo completo, polo que solicita que se utilice moi restritivamente.

O vicerreitor coincide co sinalado pola profesora López, mais lembrando que o cambio de dedicación se fai excepcionalmente cando é a maneira máis rápida de cubrir docencia por motivos sobrevidos (baixas, por exemplo), tendo en conta as dificultades para convocar e resolver prazas. A outra excepción é cando se produce unha acreditación, para permitir a consolidación futura do profesorado.

Tras o anterior, apróbanse as modificacións de dedicación e incorpóranse como **anexo XI**

12. Autorización de licenzas

Por último, o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita licenza de estadía de investigación por un ano (do 16 de setembro de 2015 ao 16 de setembro do 2016) a favor do profesor Luis Cea Gómez, da Área de Enxeñaría Hidráulica.

O profesor Cea pretende continuar un ano máis a súa estadía no Laboratoire d'Etude des Transferts en Hydrologie et Environnement (LTHE) do Observatoire Terre Univers, Grenoble (Francia). Conta co informe favorable da COAP.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase á acta como **anexo XII**

13. Proposta de acordo sobre o procedemento de elaboración do Plan director de racionalización de centros e departamentos da UDC

Toma a palabra o secretario xeral, que comeza lembrando que no Consello de Goberno do pasado 28 de maio, o equipo de goberno informou da súa vontade de impulsar a elaboración dun Plan director de racionalización de



centros e departamentos, amparado nunha serie de razóns e obxectivos que motivaban a oportunidade da proposta.

Nese mesmo Consello de Goberno de maio sinalouse a importancia de satisfacer os criterios de participación e transparencia, polo que se anunciou que, tras unha rolda de diálogo cos centros e departamentos potencialmente afectados, se levaría unha proposta de acordo ao Consello de Goberno sobre a elaboración do Plan director.

Como consecuencia do diálogo aberto cos centros e departamentos sinalados, fóronse achegando un conxunto de alegacións e reflexións sobre a oportunidade da fusión de centros e departamentos. Esas achegas enriqueceron o debate, e sinalaron a conveniencia de centrarse en criterios xerais, máis que en centros ou departamentos concretos, de modo que, cumprindo coa folla de ruta marcada, formúlase unha proposta de acordo ao Consello de Goberno.

Esta proposta parte de cero, e faíno centrándose no procedemento de elaboración do Plan director de racionalización de centros e departamentos.

Tal e como consta na documentación achegada, a proposta está integrada por catro acordos:

- 1.º De conformidade cos artigos 18 e 19 do vixente Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, délgase na Comisión Mixta, sinalada na alínea segunda deste acordo, o estudo e a elaboración dunha proposta de Plan director de racionalización de centros e departamentos (en diante, PDRCD).
- 2.º A Comisión Mixta delegada do Consello de Goberno estará integrada polos membros da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) e da Comisión de Asuntos Económicos (CAE).
- 3.º A presidencia da Comisión Mixta corresponderalle ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, asumindo as funcións de secretaria o secretario xeral.
- 4.º Nos traballos da Comisión Mixta garantirase a audiencia dos centros e departamentos.

Tras a exposición do secretario xeral, ábrese unha quenda de intervencións.



Fernando Agrasar considera esta proposta un exercicio de cinismo institucional e de insinceridade. Ninguén se opón á racionalización das estruturas universitarias, mais considera que debe facerse de xeito racional, transparente e participativo. Considera que a comisión proposta non cumpre estes requisitos. Pregunta por que non se trata no Claustro. Pregunta tamén se hai relación concreta entre a negociación económica coa Xunta e a urxencia en poñer enriba da mesa este Plan director.

Inés Pernas solicita aclaración sobre a composición da subvención fixa do PFSUG. En segundo lugar, apoia a intervención de Fernando Agrasar. Sinala o calendario achegado no borrador que serviu de base ao proceso de diálogo cos centros e departamentos afectados como un dos grandes problemas, pois os prazos eran perentorios. Porén, non hai garantías de que se vaia volver atrás. Sinala tamén o medo de que se poidan rescindir contratos de PDI como consecuencia das fusionés.

Xosé Portela considera que a fusión de estruturas se deriva dos problemas económicos, mais para el é chocante que en xaneiro se soubese que había un problema tan grande na repartición do fondo, e que mesmo así se orzamentase o ano 2015 sen o ter en conta. Parece que se está a facer un *ultimatum* á comunidade universitaria. Sobre a débeda a provedores, considera que houbo unha improvisación, polo que solicita responsabilidades e explicacións. Propón que vaíamos á casa de Rajoy a pedirlle financiamento. Sobre o Plan director opina que a proposta de procedemento remite a unha comisión o que é unha decisión xa adoptada polo equipo de goberno. Cales van ser os criterios económicos que determinen a fusión? Vaise salvagardar o criterio de servizo público? Considera que debe convocarse o Claustro universitario para que sexa el o que traballe e decida sobre o Plan director.

Anxo Calvo considera que hai unha relación clara entre o ámbito económico e as reformas estruturais que se suscitan. Como membro activo da CAE, xulga que é necesario facer reformas para axustar os nosos gastos con maior eficiencia. Apunta tamén que suspendemos gasto –non pagos, subliña– por responsabilidade. Desde o mes de xaneiro, a Comisión de Asuntos Económicos estivo informada sobre as canles abertas coa Xunta para negociar as discrepancias coa Xunta sobre a repartición da subvención fixa por criterios históricos. A negociación non está pechada, e mentres tanto hai que adoptar medidas prudentes como a suspensión de novos compromisos de gasto. Considera que hai marxe aínda para aumentar a



eficiencia do gasto a curto, medio e longo prazo. No caso das reformas estruturais, é unha medida a medio prazo cuxo impacto non debe desprezarse, pois a experiencia do seu centro, fusionado no ano 2010 coa Escola de Estudos Empresariais, saldouse cun balance moi positivo, tanto en termos académicos como económicos e administrativos. Opina que o acordo de hoxe é positivo tamén, porque sitúa a cuestión das reformas estruturais en termos de criterios, non tanto por criterios apriorísticos sobre centros e departamentos concretos. A UDC non é orixinal neste sentido, pois estanse desenvolvendo procesos similares en moitas universidades españolas.

Nona Inés Vilariño intentou encontrar a relación de membros das comisións delegadas do Consello de Goberno e non foi capaz. Anuncia que vai votar favorablemente a proposta de acordo. Considera que hai que confiar na seriedade das propostas, e dar unha oportunidade a un debate que xulga oportuno. Por último, considera que cómpre garantir que as alegacións dos centros se incorporan aos traballos da comisión, para que se valoren e se trasladen, de ser o caso, ao Consello de Goberno.

Daniel Pena opina que desde que aparece Boloña xa se debería ter feita esta proposta. Agora aparece no medio dun proceso de carestía económica que pode enturbar o debate. Opina que até o de agora o proceso foi deficiente, mais do que se trata é de reconducir a situación en positivo, porque é un debate en moitos casos de sentido común. Pregunta como vai funcionar a comisión? Como se van desenvolver os traballos? Como se vai aplicar a transparencia e a participación?

Miguel Muñoz comeza alegrándose de que se dese marcha atrás. Considera que a racionalización é necesaria, pero opina que non era o momento, por varias razóns. Considera tamén que o reitor estivo ausente neste proceso, e que debería convocarse o Claustro para asumir a súa opinión este asunto.

Sonia Beltrán considera que se produce unha marcha atrás con esta proposta. Critica a exposición da institución aos medios. No nome dos restantes representantes estudiantís, pasa a ler a súa posición común:

A comunidade de estudantes da UDC quere facer pública a súa postura e as reivindicacións ante as diversas novas publicadas nestas semanas sobre a viabilidade económica da Universidade, a posibilidade exposta de fusión de centros ou da reestruturación de titulacións.



As estudantes lamentan a falta do que debería ser un diálogo continuo e produtivo dentro da comunidade universitaria previa á filtración de medidas de tal calado, sendo especialmente criticable o segredo e a falta de reunións previas con grupos representativos de todos os colectivos que conforman a UDC. Tal sensación de improvisación e mala praxe de negociación non fai máis que socavar a imaxe da UDC ante a sociedade civil, que asiste perplexa a este espectáculo de descoordinación e falta de diálogo.

Unha UDC con mala imaxe é, sen ningún tipo de dúbida, menos viable. Somos plenamente conscientes das dificultades económicas que atravesamos a Universidade, o mesmo que a maioría das esforzadas familias das alumnas ou mesmo das moitas estudantes que se ven na obriga de traballar para manter a súa estadía na cidade e pagar as súas matrículas.

Por tanto, pedimos que se tome en especial consideración a vulnerabilidade do noso colectivo, reivindicando que as futuras medidas de aforro non incidan en modo ningún nun aumento da carga económica soportada polos estudantes, así como que se respecte como irrenunciable a calidade do ensino cursado en todas as titulacións da UDC. A non consecución destes dous obxectivos primarios provocará unha baixada máis pronunciada do número das matrículas afundindo o futuro da Universidade.

Consideramos que a proposta de fusión de centros e departamentos é unha medida pouco articulada neste momento e que pode ter consecuencias nocivas sobre a comunidade estudantil. Sobre a mesa nestas negociacións hai que expor os inconvenientes na vida diaria universitaria de ter que se desprazar de centros a departamentos e demais feitos que poden afectar á normalidade docente. Asemade vemos con preocupación a posible composición dos órganos de goberno destes hipotéticos centros unificados.

Consideramos que a proposta de fusión de centros ou departamentos necesita aínda de moito diálogo, e observamos que pode supoñer máis problemas que solucións, polo que debe ser debatido con pausa e profundidade, valorando vantaxes e inconvenientes e incluíndo interlocutores de todos os centros.



Por último, para garantir una adecuada representación e participación da comunidade universitaria da UDC na realidade económica que agora atravesamos, e debater as diferentes propostas de como afrontala, solicitamos a convocatoria dun Claustro extraordinario para o próximo mes de xullo.

Sonia Souto comenta a problemática específica da dimensión dos centros e titulacións no ámbito das ciencias da saúde. A Xunta de Facultade de Fisioterapia votou en contra da fusión con Ciencias da Saúde. Ao non recoller o acordo a participación do seu centro na elaboración do Plan director, anuncia o seu voto en contra.

Ana Iglesias mostra o seu desgusto coa proposta de acordo, en especial coa comisión mixta que se propón. Considera que non é representativa, e que deberían estar todos os centros e departamentos. Opina que non se está a discutir abertamente.

Ignasi Colominas coincide en criticar o tema da oportunidade deste proceso, que debería tratar o seguinte equipo.

Moisés Canle considera necesario separar a cuestión económica da cuestión académica á hora de valorar a oportunidade de abrir este proceso. A estrutura da Universidade da Coruña é, en certos aspectos, moi estraña. Esas estrañezas poden analizarse con madurez, e sinala como exemplos a estrutura dos departamentos adscritos ao seu centro.

Ana Barxa critica a oportunidade desta cuestión. Non houbo transparencia, nin diálogo nin participación. Anuncia o seu voto en contra e solicita a convocatoria dun Claustro extraordinario.

Tras as anteriores intervencións, o secretario xeral agradece todas as intervencións e agrupa a súa contestación nunha serie de cuestións comúns.

Sobre as críticas ao procedemento desenvolvido até o momento, subliña que até agora, nos 25 anos de existencia da UDC, nunca se formulara un plan director sobre as estruturas de centros e departamentos, polo que houbo que afrontar por vez primeira un proceso de traballo. O equipo de goberno informou ao Consello de Goberno da súa iniciativa política sobre este asunto, e tamén de que se iniciaba unha rolda de contactos. Sobre esa folla de ruta traballouse, con maior ou menor fortuna. Nunca houbo unha proposta en firme de fusionar nada, senón que se barallaron as



posibilidades cos centros e departamentos que se xulgaron nunha primeira aproximación como susceptibles de entrar nunha fusión. Aínda que traumático –máis traumático do que cabía agardar–, este traballo foi necesario e útil, porque axudou a enfocar correctamente a elaboración do Plan director, centrándoo en criterios, e non tanto en centros e departamentos concretos. Por iso se trae aquí unha proposta de acordo que se xulga máis equilibrada.

Sobre as críticas á oportunidade de poñer este asunto sobre a mesa, lembra que nin o equipo nin o reitor están en funcións, e é a súa responsabilidade adoptar todas as decisións de goberno que xulguen necesarias para a institución. Por iso, neste momento, perante os escenarios económicos que atravesamos e imos seguir transitando, considerouse conveniente colocar este asunto na axenda de goberno. Isto non significa que este equipo pretenda pechar o Plan director, ou fusionar centros e departamentos a curto prazo, senón iniciar o proceso para que conclúa cando estea suficientemente maduro.

Lembra que os órganos de goberno teñen plena lexitimidade para gobernar. En particular, o Consello de Goberno – e as súas comisións delegadas – é o órgano Colexiado de goberno que reúne no seu seo os representantes do Claustro de todos os sectores, os representantes de centros, departamentos e institutos, os presidentes dos órganos de representación do PAS etc, polo que parece lóxico que sexa no seu seo onde se elabore o Plan director. A proposta da Comisión Mixta busca equilibrar a representatividade coa operatividade propia dunha comisión de traballo, que debe elaborar a proposta que será no seu día debatida e aprobada no Consello de Goberno. O acordo tamén garante a audiencia dos centros e departamentos afectados na elaboración do Plan, acollendo así unha demanda escoitada xa nesta rolda de intervencións. Outra cousa é que se poida implicar o Claustro na elaboración do Plan, se así se estima oportuno.

A seguir, intervén o reitor para explicar de novo con detalle a situación económica pola que atravesamos a Universidade, que sitúa nese contexto de dificultades a necesidade de aumentar a eficiencia das nosas estruturas, tanto do punto de vista administrativo, como académico e económico. Insiste na necesidade de adaptación ás novas situacións, non só económicas, senón tamén ás novidades achegadas polo Real decreto de autorización e acreditación de centros, recentemente publicado no BOE, ou o futuro PFSUG 2016-2020, que está a negociarse nestes momentos con malas perspectivas para a nosa Universidade.



Ábrese outra quenda de intervencións.

José Manuel Sobrino non está conforme co Plan nin co fondo nin coa forma. A reforma que se pretende é insuficiente. O que se precisa é unha reforma do sistema universitario no seu conxunto. Pregunta tamén se isto é un *do ut des* coa Xunta de Galicia. O reitor contesta que non.

Fernando Agrasar solicita maior cintura. Ninguén se opón á racionalización das estruturas. A cuestión é como facelo. Considera que a comisión mixta non é aceptable, porque exclúe o seu centro e non é participativa.

Xosé Portela considera que a decisión é unha decisión política, e hai dúas formas de actuar: como fai o PP, gobernando por decreto, ou abrindo a comisión a todos os afectados.

Nona Inés solicita que se incorpore a audiencia dos centros e departamentos. Solicita que se redacte unha nota de prensa co debate e a decisión final deste proceso, para que non haxa confusións.

Sergio Santos del Riego comenta os acordos da Xunta de Facultade de Ciencias da Saúde. No seu centro iniciouse unha análise DAFO da fusión con outros centros da súa rama de coñecemento. Propón, por último, a creación de subcomisións por rama de coñecemento.

Fernanda Miguélez considera que deben buscarse alternativas para lograr unha mellor eficiencia nos traballos da comisión, por exemplo mediante a creación de subcomisións específicas. Coincide co profesor Sobrino en que o problema xeral é de estruturas legais.

Ana Iglesias considera que o Plan director é un documento inédito, e a Comisión Mixta é unha comisión extraordinaria, polo que solicita que se incorpore un grupo de catro ou cinco decanos e directores, entre os que debería estar o seu centro.

Anxo Calvo suxire que, para avanzar, a Comisión Mixta elabore uns criterios xerais que se sometan a debate no Claustro. E logo trataríase de novo no Consello de Goberno para rematarse o Plan director.

Ana Barxa solicita que se retire a proposta e se consensúe.



Moisés Canle reflexiona sobre a oportunidade do proceso.

Luis Hervella opina que a representación dos centros na Comisión Mixta non é total. Considera que o seu centro non está representado.

Unha vez concluído o debate, o reitor retira o punto e solicita que as persoas intervinientes que así o estimen oportuno fagan propostas sobre o acordo de procedemento nun prazo de dez días, para que se poida achegar o acordo ao vindeiro Consello de Goberno do mes de xullo.

Logo de rematar o punto, a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas solicita intervir para aclarar que, desde xaneiro se veu informando á Comisión de Asuntos Económicos sobre o proceso de diálogo aberto coa Xunta de Galicia. Subliña que non se asumiu ningún recorte unilateralmente porque a UDC foi historicamente moi prudente na súa xestión económica, e levamos moitos meses tratando de facer valer esa traxectoria para convencer a Xunta da necesidade de dotar de fondos complementarios a esta universidade.

14. Quenda aberta de intervencións

Teresa López agradece a intervención da vicerreitora porque frecuentemente se solicita rigor ao equipo de goberno, mais tamén hai que devolver rigor desde o conxunto da comunidade universitaria. Fai unha chamada á responsabilidade para que non se difundan noticias falsas por demagogia ou intereses espurios. E nas últimas semanas si se fixo iso. Considera que o equipo de goberno debe facer un esforzo de explicación da situación económica, un esforzo de pedagogía cara a dentro e cara a fóra para evitar que se espallen falsidades sobre a situación da universidade, mais ese traballo só terá éxito se non se derrama con noticias demagóxicas xeradas desde a propia comunidade universitaria.

José Manuel Sobrino pregunta se hai previsión de recortes dos fondos propios de investigación pendentes de distribuír nos grupos.

Guillermo Lorenzo Gómez coida que habería que redactar unha nota de prensa para os medios. Pregúntalle ao vicerreitor de Investigación e Transferencia cando van saír as bolsas UDC-Inditex.

O vicerreitor informa de que a pregunta do profesor Sobrino non ten aínda resposta, pois a Vicerreitoría de Planificación Económica e a Xerencia



están avaliando os axustes orzamentarios. Avanza, no entanto, que se intentará que sexan os menos posibles.

Sobre as bolsas UDC-Inditex, informa de que a convocatoria está pendente de fiscalización antes de se publicar. Logo haberá que seguir o proceso de avaliación e resolución. Recoñece o atraso, non imputable á UDC.

Comenta tamén o profesor Ricardo Cao que desde o último Consello de Goberno se publicou e concluíu o prazo de solicitudes dos contratos do persoal FPI que autoriza o Ministerio. En relación coa convocatoria da Xunta de axudas de consolidación de unidades competitivas do SUG, rematou o prazo de presentación e houbo moi poucas solicitudes nas tres universidades, como consecuencia dos requisitos que está a poñer a Xunta. Comenta que, ao ter a UDC que adiantar os fondos destas axudas, ter éxito nas convocatorias da Xunta é un problema para a tesouraría da casa.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 13:04 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito

ANEXO. 1ª INTERVENCIÓN DE D. XOSÉ PORTELA

Á vista de que o borrador da acta da sesión do Consello de Goberno do día 30 de xuño non contempla, nin o expresado nin o sentido do sinalado na primeira das miñas intervencións, paso a redacción do que foi a miña intervención nesa rolda de palabras.

"Por moito que se queira obviar, o plan de fusións e a situación económica van vencellados.

Como é posible que se aproben uns orzamentos no Consello Social do día 22 de decembro

de 2014, apareza unha interpretación no criterio do reparto histórico na reunión do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia de 14 de xaneiro de 2015 que recorta o orzamento da UDC en 3,7 millóns de euros, e se agarde a que a situación estea tan deteriorada economicamente que abriga a tomar medidas radicais a mediados de xuño?. Porque non se aplicaron medidas correctoras antes?

Como é posible que senda 3,7 millóns de euros a cantidade que se deixou de percibir polo cambio da interpretación do capítulo sinalado anteriormente, a débeda con provedores alcance, como se establece na prensa, os 5 millóns de euros?. A tanto chegou o malgasto?

Se a situación das arcas da universidade se debe ao retraso nos pagos como castigo político da Xunta á actitude "insumisa" da UDC, non correspondería actuar tamén politicamente, denunciando por todos os medios a situación e, se fai falta, irnos tod@s á casa de Feijoo a reclamarllos, sen agardar a ter que verse na abriga de adoptar medidas tan radicais?.

Na presentación do proxecto de fusións sinalouse verbalmente, como todo o que facía referencia ao Plan Director, que estaba suxeito ao acorde ces centros e departamentos Unha vez que se constata que o acorde cos centros afectados é imposible, agora non só non se trae unha proposta de acorde senón que se crea unha comisión ad hoc, onde o diálogo ces centros e departamentos afectados transfórmase nun sucinto "Nos traballos da Comisión Mixta garantirase a audiencia dos centros e departamentos


Se as decisións a tomar son eminentemente políticas (que tipo de universidade se quere). De constituírse unha comisión mixta que criterio será o que se terá en conta, prevalecerán as consideracións económicas sobre as académicas? E as de servizo público

Parécenos que a decisión está tomada. Insistimos en que o equipo de goberno ten que afrontar as súas responsabilidades, non intentar envolvelas na suposta asepsia de decisións adoptadas por algunha comisión. Ten a abriga de establecer criterios, elaborar un proxecto e sometelo a discusión e, se procede, ser aprobado pela Comunidade Universitaria no máximo órgano de representación da Universidade, o Claustro. Parécenos que o sr. reitor escapa da convocatoria do Claustro porque suporía un desgaste maior podendo, incluso, perder a posible votación."

Solicito, polo tanto, se fagan as correccións correspondentes para que a acta definitiva contemple a miña intervención."

Atentamente

A Coruña, 21 de xullo de 2015



Asdo. Xosé Manuel Portela Fernández